

MANUAL DE CALIDADE
SISTEMA DE GARANTÍA INTERNA DE CALIDADE
ESAD DE GALICIA

PA901.01 Plan de orientación profesional

Edicións	Data	Revisións e motivos das mesmas	Aprobación Consello escolar
1	16-04-2014		18-04-2014
2	19-06-2014	Acreditación ACSUG	29-09-2015

PLAN DE ORIENTACIÓN PROFESIONAL

OBJECTO

- Establecer as accións e actividades propias da orientación e asesoramento profesional do alumnado no contexto do Espazo Europeo da Educación Superior diante dos procesos de transición á vida activa.

ÁMBITO DE APLICACIÓN

- Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.

RESPONSABILIDADES E FUNCIONES

Dirección

- Coordinar, en colaboración co Departamento de Mobilidade e Transición, a elaboración do Plan de Orientación Profesional e a súa revisión anual.
- Velar polo seu cumprimento e óptima aplicación, tomando as medidas correctoras que se estimen necesarias.

Secretaría

- Difundir o Plan segundo os procedementos e canles establecidas.

Departamento de Mobilidade e Transición

- Proponer as liñas de traballo para a elaboración do Plan.
- Elaborar o Plan.
- Coordinar o desenvolvemento anual do Plan.
- Coordinar o proceso de revisión anual.
- Elaborar a memoria anual.

Comisión de Coordinación Pedagóxica

- Coñecer e informar o POP e proponer medidas e liñas de traballo que se estimen oportunas.

Claustro de Profesoras e profesores

- Coñecer e informar o POP e proponer medidas e liñas de traballo que se estimen oportunas.

Consello Escolar

- Coñecer e aprobar o POP e proponer medidas e liñas de traballo que se estimen oportunas.

Servizo de Garantía Interna de Calidade

- Coordinar o desenvolvemento adecuado do procedemento.

Departamento de Calidade

- Asegurar o adecuado desenvolvemento do procedemento no marco do Manual de calidade da escola.

Departamentos

- Colaborar do adecuado desenvolvemento do procedemento.

Persoal de administración e servizos

- Colaborar do adecuado desenvolvemento do procedemento.

Profesorado

- Participar activamente no adecuado desenvolvemento do procedemento.

Alumnado

- Participar activamente no adecuado desenvolvemento do procedemento.

DESENVOLVEMENTO

O Plan de Orientación Profesional da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia configúrase como o instrumento a través do cal se diseña o contido e a execución das distintas accións relativas á transición á vida activa do alumnado, que debe comezar no primeiro ano e culminar no último, nun proceso lóxico de inmersión no campo profesional que permita, facilite e promova unha integración plena no mesmo. Preténdese consolidar unha liña de acción coherente coas necesidades dos alumnos e alumnas, normalizando as distintas accións e alcanzando un axeitado equilibrio entre as expectativas dos alumnos e os obxectivos que se expoñen no marco do Espazo Europeo de Educación Superior.

O Plan de Orientación Profesional da ESAD de Galicia é elaborado polo Departamento de Mobilidade e Transición, informado polos órganos competentes (CCP, Claustro) e aprobado polo Consello Escolar. É sometido a unha avaliación final na fin de cada curso escolar, con independencia das adecuacións que o desenvolvemento do curso aconselle en cada momento.

Para cada curso escolar, o Departamento de Mobilidade e Transición elaborará un Plan específico con indicación do curso da súa vixencia, atendendo aos criterios seguintes: (1) presentación, (2) obxectivos, (3) accións a desenvolver e actividades, (4) avaliación, e (5) memoria final. Para o desenvolvemento de cada Plan anual, deberán terse en conta as indicacións que de seguida se sinalan:

OBXECTIVOS**Obxectivos xerais**

- Promover un coñecemento adecuado do campo profesional das artes escénicas
- Potenciar a diversificación do campo profesional dos titulados e tituladas en arte dramática.
- Promover medidas que favorezan a transición á vida activa dos titulados e tituladas da Escola.
- Potenciar no alumnado, durante o período da súa formación, a adquisición das competencias necesarias para deseñar e enfrontar con éxito o seu propio proceso de transición.

- Establecer liñas de traballo que promovan a colaboración e a cooperación no deseño e inicio do proceso de transición á vida activa.

Obxectivos específicos.

- Coñecer as diferentes posibilidades para o exercicio profesional no campo das artes escénicas.
- Coñecer as diferentes posibilidades para o exercicio profesional no eido da produción audiovisual.
- Coñecer e valorar ámbitos profesionais emerxentes, as súas características e demandas.
- Coñecer o proceso de creación dunha compañía teatral.
- Coñecer e analizar experiencias de transición á vida activa, especialmente aquelas que se poden considerar como boas prácticas.
- Coñecer os diferentes axentes do sistema teatral galego e valorar as súas funcións.

ACTIVIDADES

As actividades do Plan de Orientación Profesional van dirixidas a todo o alumnado do Centro, prestando unha especial atención ao alumnado do último curso que se caracteriza por vivir un momento de inseguridade e desorientación ante a súa nova realidade.

- Programa de orientación laboral, orientado a coñecer aspectos específicos relacionados co exercicio profesional propio do campo escénico e/ou audiovisual. A través de conferencias, mesas redondas ou debates en que se presenten a situación actual e as problemáticas máis importantes.
- Programa de apoio á procura de emprego, que se concretará na análise activa das estratexias máis comúns no campo, desde a elaboración dun currículo até a preparación dunha audición.
- Oficina de iniciativas empresariais, orientada a prestar apoio ao alumnado que decida crear unha compañía e a crear un centro virtual de recursos vinculado coa transición á vida activa.
- Promoción dos titulados e tituladas da ESAD de Galicia a través da páxina web da Escola e da creación dun catálogo de creadores.
- Relación aberta e dinámica cos axentes do sector, desde as asociacións profesionais ate as empresas.
- Fomento das prácticas externas e das bolsas para posgraduados como liñas de incorporación ao mercado laboral.

A AVALIACIÓN

A avaliación do POP concíbese como un proceso de recollida e análise de información relevante que aporte datos sobre os resultados obtidos a partir da posta en práctica do Plan e a idoneidade dos medios e recursos empregados para obter ditos resultados. Os datos da avaliación constituirán un elemento para a reflexión que contribuirá a lograr os obxectivos establecidos con carácter xeral. Constitúe unha ferramenta esencial xa que proporciona a información precisa para as decisións que se van tomando durante a planificación, o desenvolvemento e á finalización do mesmo.

FERRAMENTAS

Cómpre desenvolver ferramentas para facer avaliacións iniciais, formativas e finais en función das diferentes accións que se poñan en marcha. Igualmente tamén hai que considerar modelos de enquisa para analizar os procesos de transición á vida activa dos titulados e tituladas da ESAD.

OFICINA DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS

A OIE da ESAD de Galicia vai ser un proxecto que se poña en marcha no curso escolar 2015-2016 coa finalidade de acompañar o proceso de transición activa do alumnado titulado, coa finalidade de analizar as actividades e liñas de actuación que se xulguen máis pertinentes para a súa posta en marcha.